

B @

h hm pf ph dp
phf ch pɫ f h hm pf fh fh
ph dp hd h h f fhd hdh h

h f hm
pn fh h
h fhɾhc hp fh



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A xornada Persoas Refuxiadas ConCiencia nace como punto de encontro para re. exionar desde o contexto científico sobre os movementos de persoas refuxiadas. Dende a Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade queremos salientar o potencial do coñecemento das persoas que se moven. Isto supón unha perda de talento das rexións das que saen e un incremento deste nas rexións ás que chegan, se estas lles brindan as oportunidades necesarias para desenvolver os seus talentos.

Trataremos de identificar histórica e socialmente estes movementos con relatorios de persoas expertas no exilio científico español e galego. Dentro desta perspectiva histórica, analizamos nomeadamente as leccións aprendidas e por aprender do antisemitismo.

Para evidenciar a perda de valores que se silencia desde o esquecemento contaremos con documentais que seguiron estas persoas nos movementos recentes, co obxectivo de facer presente a realidade actual.

Queremos poñer a énfase nas persoas xeradoras de ciencia para as que a condición de refuxiadas nun momento da súa traxectoria vital puido ou pode lastrar o desenvolvemento do seu talento científico. Para compartir estas realidades contamos cun investigador sénior e varios estudantes e investigadores en formación da USC que están a desenvolver as súas carreiras na actualidade e que compartirán vivencias persoais e científicas.

Finalmente, coas lentes da ciencia, analizarase na xenética a importancia da diversidade e a contribución das migracións a esta.

Imaxe: Gabriel Tizón

PROGRAMA

Sesión da mañá

09:45 horas
Inauguración

10:00 horas
A destrución da ciencia en España. Exilio
cientí. co e depuración universitaria tras a
Guerra Civil
Luis Enrique Otero Carva al, catedrático de
Historia Contemporánea na Universidade
Complutense de Madrid

11:00 horas
Consideracións sobre o antisemitismo e as
persoas refuxiadas
José Edelstein, escritor e profesor de Física
Teórica na Universidade de Santiago de
Compostela (USC)

11:30 horas
Descanso

12:00 horas
Refuxiados: os valores do esquecemento
Gabriel Tizón, fotógrafo
Presenta: Encarna Otero, historiadora

Sesión da tarde

16:30 horas
O exilio científico galego
Ricardo Gurriarán, historiador (grupo
Histagra-USC e Fundación 10 de Marzo)

17:15 horas
Refuxiado chileno en Buckingham Palace
Eleuterio Toro, profesor emérito da
Universidade de Trento
Presenta: Gino Toro

18:15 horas
Mesa redonda
Experiencias de hoxe

Amal Aldalati, estudante sirio.
Licenciatura en Medicina (USC)
Rania Ali Salman El-ouz, estudante
jordana. Doutoramento en Economía
en Empresa (USC)
Maid AlHamw , estudante sirio,
doutorando en Medicina (USC)
Modera: Almudena Hospido,
vicerreitora de Internacionalización
(USC)

19:15 horas
As razóns xenéticas da importancia da
diversidade e a contribución das migracións
Anxo Carracedo, catedrático de Medicina
Legal (USC) e membro da Sección de
Ciencia, Natureza e Sociedade do CCG

ORGANI A

Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade (CCG)

COORDINA

Elena Vázquez Cendón

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICI N

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

M IS INFORMACI N

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

